



CHÍO CON AMOR

Febreiro é o mes da Candeloria, o mes que prelude a chegada da primavera, mais tamén do tan coñecido San Valentín. É, entón, o mes do amor e, para celebralo, o Departamento de Lingua Galega e Literatura organiza o concurso de mensaxes de amor *Chío con amor*. Non sabes que é un chío? De seguro que che resulta máis familiar o termo inglés tweet. A resposta é, pois, ben doada: unha mensaxe breve que non pode superar os 280 caracteres.

Bases do concurso:

1. Para todo o alumnado de ESO.
2. Tes que escribir un chío de amor en galego que non supere os 280 caracteres estipulados.
3. O chío debe ir dirixido a alguén do IES Pedras Rubias e asinado cun pseudónimo.
4. Meteralo nun sobre aberto que levará escrito, na parte frontal, o nome do destinatario ou destinataria e o curso en que está.
5. Dentro do sobre debes incluír, tamén, un papel no que apareza o teu nome, o teu pseudónimo e o teu curso de referencia.
6. O sobre depositaralo nunha caixa de correo habilitada, na biblioteca, para este fin.
7. O prazo rematará ás 14:00 horas o luns 10 de febreiro.
8. O 14 de febreiro repartiremos as mensaxes polas aulas para que cheguen aos seus destinatarios e destinatarias.
9. Haberá un premio por cada nivel.
10. O xurado formarao o profesorado do Departamento de Lingua Galega e Literatura.
11. Os galardoados ou galardoadas daranse a coñecer o luns 17 de febreiro. Publicaranse os seus nomes na cortiza que está na entrada e tamén na web do centro.
12. Os premios serán unha sorpresa, mais queda garantido que será unha sorpresa orixinal, gorentosa e saborosa.
13. Recolleranse durante o recreo do martes (18/2) na biblioteca.
14. Valorarase a creatividade, a orixinalidade e a beleza.

Ánimo, a que estás esperando? Dálle á túa alma de poeta, crea o teu chío de amor e participa. Non te has arrepentir!

